

BIOFILMOGRAFÍA DE CLAUDIA BRENLLA

Nada en Brasil en 1964, de ascendencia galega. Formada en dereito introdúcese no cinema da man do Cineclub vigués Lumiere e da rodaxe de *The last Patrol, la colina de la muerte* (Cora Peña, 2000). Como integrante do colectivo vigués La Casa Mortimer aprende os distintos oficios en rodaxes de ficción de corte fantástico. Entre 2001 e 2004 realiza **dous documentais para a serie de TVE *Sound Stones, músicas del mundo*** gravados nas excolonias portuguesas de Cabo Verde e Santo Tomé e Príncipe.

A partir de entóns comeza proxectos dunha maior implicación persoal, xerados cun equipo mínimo nos que asume a cámara, o guiión e a edición: **O CLUB DOS SEM TETO** - 2008, 52'- documental que retrata a convivencia de persoas do movemento sen teito nun antigo club deportivo de luxo en Salvador de Bahía; **BATA POR FÓRA (MULLER POR DENTRO)** – 2008, 18' - audiovisual de "linguaxe arriscada" que continúa a ter proxección internacional en festivais, foros educativos e centros de arte.

Tras un longo período realizando traballos corporativos, en 2016 a convidan a participar na película colaborativa impulsada pola Deputación de Pontevedra **VISIÓNS (Cinema e Muller)** e na III edición do Chanfaina Lab. Froito desas propostas son **AMBOS MUNDOS (Dilema)** y **III VIDEOHISTORIETAS**, dúas curtas de experimentación que comparten o gusto por mostrar o aspecto traxicómico da cotidianeidade do ser humano.

Na actualidade está focalizada nos aspectos sonoros da creación audiovisual namentres traballa no impulso da súa **longametraxe "A illa de antes, teño que gritar"**, baseada nun material gravado ao longo do verán e o inverno de 2006 en Ons. **Este proxecto ven de ser presentado á convocatoria actual de axudas ao desenvolvemento da Axencia Galega das Industrias Culturais e recibiu axuda á escrita de guiión no ano 2022.**

Mellor documental Sección Transfrontera IV **Festival Internacional Extrema´doc** de Cáceres e no **XOM, Xanela ó Mundo** de As Mariñas. Mención especial en **Ecovisión 2009. Festival de Medio Ambiente e Cine**, Palermo (Sicilia) e na **Mostra de documental Etnográfico de Sobrarbe** (Huesca).



Sección oficial en numerosos festivais, entre eles: **Portobello Film Festival 2009**; **14 Festival de Cine de Ourense**; **11º International TV festival ECO Ecology and culture**, Ohrid (Macedonia); **16ª Edición del Festival Internacional de cine del Medio Ambiente (FICMA)**. El Prat del Llobregat, Barcelona; **"Rodas International Film and Visual Arts festival ECOFILMS"**. Rodas (Grecia); **"5th EUROKOFEST'09 European Environment Festival, Green Wave - 21st Century"**. Koprivstitsa (Bulgaria); **2ª edición Festival Internacional de Cine y Medio Ambiente de Zaragoza, ECOZINE"**. Zaragoza; **Dialéktus - European Documentary and Anthropological Film Festival. Budapest** (Hungria)....

Documental seleccionado polo Consorcio Audiovisual de Galicia para o programa de promoción Docs Galicia 09. Foi emitido no **canal televisivo irlandés TG4**.



Esta curta participou en numerosos festivais de cinema (**Mellor documental. Festival Creativo On&Off de Ribadeo / Mellor documental. 5º Certamen de Documental e Vídeo Secuencia Cero / Mención especial, programa Galicia. V Festival Internacional Curtocircuito / Finalista no III Premio Internacional "Román Gubern" de cine ensaio UAB / Selected entry in International "Gold Panda" Awards for Documentary of 2009, 10th Sichuan TV Festival / 21 Exground Film Festival. Wiesbaden / 2010 Davis Feminist Film Festival. Davis, California**) ...

Curta seleccionada polo Consorcio Audiovisual de Galicia para o programa de difusión Curtas 09. Participou en mostras e comisariados en centros cinematográficos e de arte contemporánea (**CGAI, CGAC, MARCO, MUSAC, Litoral de Gijón, La Tabacalera, Cinemateca de Sevilla, Filmoteca Española, Red de Centros Culturales del AECID** en Iberoamérica e Guinea

Ecuatorial...);

Foi emitida no programa **Metrópolis de TVE2** e na **TVG**.

Continúa a ter un amplo percorrido tamén por asociacións culturais e centros docentes.